



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2023000005808
Referencia: BINV-CS/2023

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2023 – ÁREA DE CIENCIAS DA SAÚDE

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES.-

Por resolución da presidencia número 30190, do 1 de agosto de 2023, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas investigación 2023, na área de ciencias da saúde, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes alegacións ou emendas:

* **Carmen Fátima Alarcón Veleiro**

Con data 16 de agosto presentou un escrito solicitando a revisión da súa puntuación.

O tribunal emitiu informe indicando o seguinte: *“Unha vez revisada a documentación presentada e a xustificación dos méritos alegados, considérase que a puntuación obtida axústase ao baremo aprobado, polo que non procede realizar ningunha modificación da mesma”*

* **Lidia Lorenzo Catoira**

Con data 17 de agosto presentou un escrito solicitando a revisión da súa puntuación

O tribunal emitiu informe indicando o seguinte: *“ Unha vez revisada a documentación presentada e a xustificación dos méritos alegados, as puntuacións obtidas en cada un dos apartados avaliados, baremadas de acordó co establecido na convocatoria, é a seguinte:*

- *Expediente académico: 2,35*
- *Proxecto de investigación: 5*
- *Curriculum vitae: 1,69*
- *Curriculum vitae ponderado: 0,84*
 - *Mestrado: 0,75*
 - *Publicacións (ponderadas): 0,23*
 - *Congresos (ponderados): 0,5*
 - *Estancias (ponderadas): 0,17 Idioma (ponderado): 0,04*

Puntuación total: 8,19”

En base a modificación da puntuación,altérase a orde dos suplentes.

*** Rebeca Martínez Borrajo**

Con data 21 de agosto presentou un escrito solicitando a revisión da súa puntuación.

O tribunal emitiu informe indicando o seguinte: *“Unha vez revisada a documentación presentada e a xustificación dos méritos alegados, considérase que a puntuación obtida axústase ao baremo aprobado, polo que non procede realizar ningunha modificación da mesma”*

*** Carmen Quintela Vilariño**

Achega novos méritos os cales non se poden ter en conta por ser méritos posteriores a data de finalización da presentación de solicitudes; en calquera caso, esta nova documentación non pode terse en conta na fase de alegacións.

* A bolsa concedida provisionalmente na área de enxeñaría e arquitectura quedou deserta por renuncia da persoa titular, polo que se atribúe a área de ciencias de saúde, por ser a área con máis solicitudes por bolsa, coa conformidade dos tribunais destas dúas áreas.

De acordo co anterior pasa a ser titular a persoa designada como primeira suplente na resolución de concesión provisional.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por Lidia Lorenzo Catoira, modificando a súa puntuación en base ao indicado nos antecedentes.

Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas por Carmen Fátima Alarcón Veleiro, Rebeca Martínez Borrajo e Carmen Quintela Vilariño en base ao indicado nos antecedentes.

Terceiro.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: LADO FERNÁNDEZ, PATRICIA

NIF: ***3045**

Expediente: 2023000020568

Obxecto da bolsa: A regulación do xene de pluripotencia SOX2 en cancro

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: LÓPEZ PARDO, MIRIAN

NIF: ***0715**

Expediente: 2023000020669

Obxecto da bolsa: Papel da autofaxia no remodelado da membrana peritoneal asociado a pacientes tratados con diálise peritoneal. Efecto dunha dieta antioxidante.

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: DUONG , THI KIM THOA

NIF: ****5346*

Expediente: 2023000020426

Obxecto da bolsa: Novedosa formulación para aplicación en la hipertensión arterial pulmonar basada en polvo seco de sildenafil

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: RODRÍGUEZ VARELA, GONZALO

NIF: ***7087**

Expediente: 2023000020651

Obxecto da bolsa: Estudo da relación entre a disfunción mitocondrial e a activación inflamatoria en células mononucleares de sangue periférica na artrite reumatoide. Efecto dunha dieta antioxidante

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: PAZ CASTRO, ALBA

NIF: ***3019**

Expediente: 2023000020572

Obxecto da bolsa: Farmacoloxía do receptor CX3CR1 de fractalquina: descifrado de súa sinalización intracelular e identificación de ligandos activos

Importe da bolsa: 10.000 €

Cuarto.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Primeira suplente: Lorenzo Catoira, Lidia

Segunda suplente: Alarcon Veleiro, Carmen Fátima

Terceira suplente: Caamaño Teixeira, Sabela

Cuarta suplente: Martínez Borrajo, Rebeca

Quinta suplente: Quintela Vilariño, Carmen

Sexta suplente: Rodríguez Cendán, Ana Isabel

Sétima suplente: Mera González, Irene

Quinto.- Tendo en conta que as bolsas convocadas na área de ciencias da saúde son catro, ás que se engade unha bolsa da área de enxeñería e arquitectura por renuncia da persoa titular, **realizar as seguintes operacións contables**, na aplicación 0612/3262/481:

Documento contable: A/

Número do documento contable: 220230007627

Importe: 10.000,00 €

Área: BINV-EA

Documento contable: RC/

Número do documento contable: 220230004776

Importe: 10.000,00 €

Área: BINV-EA

Documento contable: RC

Número do documento contable: A emitir

Importe: 10.000,00 €

Área: BINV-CS

Documento contable: A

Número do documento contable: A emitir

Importe: 10.000,00 €

Área: BINV-CS

Sexto.- Logo de facer as operacións sinaladas, **dispor o gasto** das bolsas concedidas, por importe total de 50.000,00 €, con cargo á aplicación 0612/3262/481, de acordo co seguinte:

Documento contable: A

Número do documento contable: 220230007623

Importe: 40.000,00 €

Documento contable: A

Número do documento contable: A emitir

Importe: 10.000,00 €

Sétimo.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación.

Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.